



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

### **CERTIFICO:**

Que na sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello que tivo lugar o día 07/07/2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

### **11º.-APROBAR O MANTEMENTO DUN POSTO DE TRABALLO DE NATUREZA EVENTUAL**

O presidente deu conta do expediente que se tramitou para aprobar mantemento dun posto de traballo de natureza eventual.

No expediente, con referencia 2023/X998/000091, constan os seguintes antecedentes:

- Denominación: Eventual adscrito á Alcaldía
- Dedicación: xornada completa
- Retribucións brutas:
  - . Grupo de equiparación a funcionarios de carreira: Grupo C.
  - . Subgrupo de equiparación a funcionarios de carreira: C1: 11 482,74 € (doce meses máis dúas pagas extraordinarias).
  - . Nivel de equiparación do complemento de destino 21 (anual): 7698,32 €.
  - . Complemento específico (anual): 7087,08 €.
  - . Total anual: 34 634,54 €

Estímase necesaria a continuidade dun posto que desenvolva funcións de colaboración inmediata coa Alcaldía

A continuación ábrese a quenda de intervencións (...)

Ao non producirse máis intervencións o Pleno, á vista dos antecedentes do expediente e do disposto no artigo 12.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, que aproba o estatuto básico do empregado público; nos artigos 104 e 104 bis da Lei 07/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos artigos 126 e 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no artigo 201 da Lei 02/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no disposto no artigo 22.2 i) da LRBRL, acorda, con 6 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE e 5 votos en contra (3 dos representantes do grupo político do BNG e 2 do grupo político do PP):

- 1º) Manter o posto de traballo a cubrir por persoal eventual existente no cadro de persoal do concello, coa denominación e características seguintes:
  - Denominación: Eventual adscrito á Alcaldía
  - Dedicación: xornada completa
  - Retribucións brutas:
    - . Grupo de equiparación a funcionarios de carreira: Grupo C.
    - . Subgrupo de equiparación a funcionarios de carreira: C1: 11 482,74 € (doce meses máis dúas pagas extraordinarias).
    - . Nivel de equiparación do complemento de destino 21 (anual): 7698,32 €.



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

- . Complemento específico (anual): 7087,08 €.
  - . Total anual: 34 634,54 €
- 2º) Determinar que o seu réxime xurídico será o previsto nos artigos 12 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, 104 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local; 176 do RD lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigo 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normativa concordante.
- 3º) O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.
- 4º) A persoa designada percibirá as retribucións asignadas cando se dean as seguintes condicións:
- . se produza o seu nomeamento formal por parte da Alcaldía,
  - . se acredite polo nomeado/a que reúne as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño.
  - . e se dea a aceptación expresa do cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.
- 5º) A devindicación e pago das contías establecidas farase do mesmo xeito que as retribucións do persoal do concello e poderán serán aumentadas anualmente coa aprobación dos orzamentos anuais da corporación no porcentaxe máximo previsto da lei de orzamentos xerais do estado para os gastos de persoal do sector público.
- 6º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de acordo co disposto no artigo 104.3 da LRBRL.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Antonio Alonso Román